



Concello de A Pobra do Caramiñal

Expediente núm.: 2813/2017 e 2823/2017

Procedemento: Aprobación ou Modificación de Disposición Normativa

PROPOSTA Á COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS E RÉXIME INTERIOR.

ASUNTO: APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS FISCAIS nº 7 e Nº 20.

PLENO ORDINARIO de 28 de setembro de 2017.

VISTA a solicitude da concesionaria da rede de subministro de auga potable, saneamento e redes pluviais da actualización de tarifas conforme o contrato prorrogado o 2/2/2006 conforme o IPC.

VISTA a necesidade de proceder ás seguintes modificacións das Ordenanzas reguladoras das taxas afectadas

- ORDENANZA FISCAL Nº 7 TAXA POLO SUBMINISTRO E ACOMETIDA Á REDE XERAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE, ASÍ COMO DA CONSERVACIÓN DE CONTADORES E ACOMETIDAS
- ORDENANZA FISCAL Nº 20 aplicación en 2018, REGULADORA DA TAXA POLO SERVICIO DE SUMIDOIROS.

VISTOS os informes emitidos polo Técnico de Administración Financeira, de conformidade co sinalado no artigo 25 do real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).

VISTO o informe emitido polo Interventor, de conformidade co sinalado no artigo 54 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

CONSIDERANDO que o procedemento de aprobación de modificación das Ordenanzas axustarase ó previsto polo artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local en concordancia cos artigos 15 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, relativos á imposición, supresión e ordenación de tributos polas Corporacións Locais.

Por medio da presente,

Propoño á Comisión Informativa de Dinamización Económica, Comercio,

Concello de A Pobra do Caramiñal



Concello de A Pobra do Caramiñal

Turismo, Igualdade, Participación veciñal e Facenda que, previa deliberación e exame do expediente, ditamine favorablemente a seguinte proposta:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación das Ordenanzas Fiscais, que comezarán a aplicarse o vindeiro 1 de xaneiro de 2018, que seguidamente se detallan, e figuran como documento Anexo do presente acordo:

- a. Ordenanza Fiscal n^o 7 reguladora da taxa polo subministro e acometida á rede de abastecemento de auga potable, así como da conservación de contadores e acometidas.
- b. Ordenanza fiscal n^o 20 reguladora da taxa por servizo de sumidoiros.

SEGUNDO.- Someter a información pública os acordos precedentes no Taboleiro de anuncios do Concello e a través de anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os interesados poidan, durante un prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES a partir do día seguinte ao da publicación de referencia, examinar o expediente e realiza-las alegacións, reclamacións e suxestións que consideren oportunas, deixando constancia expresa de que se durante o citado trámite non se presentase ningunha, o acordo de aprobación provisional elevarase a definitivo de xeito automático.

TERCEIRO.- Publica-lo texto íntegro de modificación das Ordenanzas unha vez que sexa aprobada definitivamente, cumprindo deste xeito co disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

CUARTO.- Facultar ao Alcalde – Presidente tan amplamente como en dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

En A Pobra do Caramiñal, a data da firma dixital.

O ALCALDE – PRESIDENTE. Firmado Dixitalmente



Concello de A Pobra do Caramiñal

ANEXO

ORDENANZA FISCAL Nº 7, REGULADORA DA TAXA POLO SUBMINISTRO E ACOMETIDA Á REDE XERAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE, ASÍ COMO DA CONSERVACIÓN DE CONTADORES E ACOMETIDAS

Artigo 1.º .-Fundamento e natureza.

O art. 133 da Constitución Española (CE) sinala que a potestade orixinaria para establecer tributos corresponde exclusivamente ó Estado, mediante lei; e que as Corporacións locais poderán establecer e esixir tributos, de acordo coa Constitución e as leis. Por outra parte a mesma CE, no seu art. 142, di que as Facendas locais deberán dispoñer dos medios suficientes para o desempeño das funcións ca lei atribúe ás Corporacións respectivas e nutriranse fundamentalmente de tributos propios e da participación nos do Estado e das Comunidades Autónomas. A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, no seu art. 106, preceptúa que as Entidades locais terán autonomía para establecer e esixir tributos de acordo co previsto na lexislación do Estado reguladora das Facendas locais e nas Leis que ditén as Comunidades Autónomas nos supostos expresamente previstos naquela; e ademais ca potestade regulamentaria das Entidades Locais en materia tributaria exercerase a través de Ordenanzas fiscais reguladoras dos seus tributos propios. Pola súa parte o art. 57 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, autoriza ós Concellos a esixir taxas pola prestación de servizos da súa competencia. Por último, as taxas ó ser tributos que poden ser esixidos polos entes locais de forma potestativa, é necesario aproba-las correspondentes Ordenanzas fiscais de conformidade ó previsto nos artigos 15 e ss. do RDL 2/2004, de 5 de marzo

Artigo 2.º .-Feito imponible.

- 1.- Constitúe o feito imponible da Taxa a utilización da rede e a prestación do servizo de auga potable.
- 2.- A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autoriza-la acometida á rede municipal de abastecemento de auga potable. Así

Concello de A Pobra do Caramiñal



Concello de A Pobra do Caramiñal

como a prestación dos servizos municipais tendentes a controlar as condicións nas que se realiza a acometida e as tarefas de vixilancia.

3.- O servizo municipal de subministro de auga potable está reservado pola Lei a favor das Entidades Locais e considérase imprescindible para a vida privada dos usuarios do mesmo

Artigo 3.º .-Suxeitos pasivos.

1.-Son suxeitos pasivos, na condición de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as comunidades de bens, herdanzas xacentes e demais entidades ás que se refire ó art. 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria que ocupen ou utilicen as vivendas e locais nas que se preste o servizo, ben sexa a título de propietario, usufrutuario, arrendatario ou mesmo de precario.

2.-Terá a consideración de substituto do contribuínte, o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutilas cotas satisfeitas sobre os beneficiarios do servizo.

Artigo 4.º .-Responsabilidade solidaria e subsidiaria

Responderán de forma solidaria ou subsidiaria das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 41, 42 e 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Artigo 5.º .-Cota tributaria

1.- A cota tributaria en concepto de taxa por subministración de auga potable resulta de aplicar á base imponible o prezo por metro cúbico de consumo de auga, segundo segue:

Usos domésticos:	Mínimo de 10 m ³ /mes	0,364320 €/m ³
	Por m ³ que exceda do mínimo	0,468188€/m ³
Usos comerciais:	Mínimo de 10 m ³ /mes	0,364320€/m ³
	Por m ³ que exceda do mínimo	0,468188€/m ³
Usos industriais específicos (bares, cafés, restaurantes, lavanderías, talleres ou negocios similares):	Mínimo de 30 m ³ / mes	0,426144€/m ³
	Por m ³ que exceda do mínimo	0,535455€/m ³
Usos industriais en xeral:	Mínimo de 30 m ³ / mes	0,458774€/m ³
	Por m ³ que exceda do mínimo	0,576453€/m ³
Usos para obras:	Mínimo de 30 m ³ / mes	0,426144€/m ³
	Por m ³ que exceda do mínimo	0,535455€/m ³

Concello de A Pobra do Caramiñal



Concello de A Pobra do Caramiñal

2.- A cota que se esixirá en todo caso pola prestación do servizo será a mínima establecida segundo o tipo do consumo, **sen prexuízo dos impostos indirectos aplicables no seu caso.**

3.- A taxa en concepto de amortización só será esixible a partir da recepción das obras que motivaron a súa imposición.

4.- Acometida á rede xeral municipal:

A cota tributaria por dereitos de acometida á rede xeral de subministro de auga potable. Será fixada nas tarifas seguintes:

a) Vivendas unifamiliares, industrias, obras, etc.. **133,92 €**

b) Edificios plurifamiliares:

62,68 €

5.- A cota tributaria en concepto de taxa pola conservación de contadores e acometidas é a seguinte:

a) Conservación de contadores:	Diámetros de 13/20	0,3165 €/aboado /mes
	Diámetros de 25/30	0,5411 €/aboado /mes
	Diámetros de 40/50/65	2,4402 €/aboado /mes
b) Conservación de acometidas:		0,3267 €/aboado /mes

Artigo 6.º.-Criterios xenéricos de capacidade económica.

1.- Aplicaráselles unha redución do 50 % da cota tributaria en concepto de taxa por subministración de auga potable aos usos domésticos da vivenda habitual daqueles contribuíntes, persoas físicas, que teñan escaseza de recursos económicos, sempre que o soliciten no primeiro trimestre do exercicio impositivo no que pretendan que produza efectos e así o acredite un informe dos Servizos Sociais do Concello no que se fará constar que a suma dos Rendementos Íntegros do traballo, Rendementos Íntegros de actividades económicas e dos Rendementos Íntegros do capital, tanto mobiliario coma inmobiliario, tal e como se definen na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) (Lei 35/2006) do contribuínte non supera o Salario Mínimo Interprofesional en cómputo anual e previa solicitude individualizada en cada caso. Á vista da



Concello de A Pobra do Caramiñal

documentación presentada, o Alcalde - Presidente ditara Resolución concedendo ou denegando a redución solicitada. A redución concedida so producirá efectos para o período impositivo no que se insta a súa concesión e para o inmediato seguinte, debendo solicitarse a súa prórroga nos seguintes períodos impositivos, aportando de novo a documentación que acredite que se seguen a cumpri-los requisitos para o seu goce. En calquera caso, a presentación da solicitude fora do prazo establecido, dará lugar á súa inadmisión e a conseguinte denegación da redución instada.

2.- Aplicaráselles unha bonificación do 50 % da cota tributaria en concepto de taxa por subministración de auga potable aos usos domésticos da vivenda habitual daqueles suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa, que cumpran ademais os seguintes requisitos:

a.- Que a suma dos valores catastrais de tódolos bens inmoebles sitos en territorio nacional, dos que sexan suxeitos pasivos no Imposto sobre Bens Inmoebles, o titular da familia numerosa ou algún dos membros da unidade familiar, non exceda de 100.000,00 euros. Aos efectos desta bonificación, considéranse membros da unidade familiar tódalas persoas empadroadas na Vivenda para a que se solicita a bonificación.

b.- Que a renda dispoñible da unidade familiar, tendo en conta o número de membros desta, non exceda dos límites que figuran no cadro seguinte:

Número de membros da unidade familiar	Importe máximo de renda dispoñible
4	30.000,00 €
5	35.000,00 €
6	40.000,00 €
7	45.000,00 €
8 ou mais	50.000,00 €

3.- Considerase renda dispoñible aos efectos desta bonificación, á suma dos Rendementos Íntegros do traballo, Rendementos Íntegros de actividades económicas e dos Rendementos Íntegros do capital, tanto mobiliario coma inmobiliario, tal e como se definen na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) (Lei



Concello de A Pobra do Caramiñal

35/2006) dos membros da unidade familiar que obteñan rendas suxeitas ao IRPF.

4.- Os suxeitos pasivos que cumpran os requisitos previstos no apartado anterior, e pretendan gozar da bonificación, deberán presenta-la correspondente solicitude no primeiro trimestre do exercicio impositivo no que pretendan que produza efectos. Xuntamente coa solicitude deberá aportarse a seguinte documentación:

a.- Copia compulsada do título de familia numerosa expedido polo órgano competente.

b.- Certificado de empadramento do titular da familia numerosa, referido á situación existente a 31 de decembro do ano inmediato anterior, no que consten os membros da unidade familiar que conviven no inmovible para o que se solicita a bonificación.

c.- Fotocopia compulsada das derradeiras declaracións do IRPF presentadas polo titular da familia numerosa e, no seu caso, por cada un dos membros da unidade familiar que obteñan rendas suxeitas ao referido imposto. No caso de non estar obrigados a presentar declaración de renda, aportaran certificado no que conste que non se ten presentado esta e certificados de imputación de rendas da Axencia Tributaria, e nóminas, certificados de retencións ou calquera outro documento que sirva para a determinación da renda dispoñible.

d.- Certificado de Bens Inmóveis Por Titular emitido pola Xerencia Rexional do Catastro dos que sexan suxeitos pasivos no Imposto sobre Bens Inmóveis tódolos membros da unidade familiar, á que se refiren os puntos 2 e 3 deste artigo, no que conste unha relación de tódolos bens inmóveis cos seus valores catastrais por NIF.

5.- Á vista da documentación presentada, o Alcalde - Presidente ditara Resolución concedendo ou denegando a bonificación solicitada. A bonificación concedida so producirá efectos para o período impositivo no que se insta a súa concesión e para o inmediato seguinte, debendo solicitarse a súa prórroga nos seguintes períodos impositivos, aportando de novo a documentación que acredite que se seguen a cumpri-los requisitos para o seu goce. En calquera caso, a presentación da solicitude fora do prazo establecido no apartado 4 anterior, dará lugar á súa inadmisión e a conseguinte denegación da bonificación instada

Artigo 7º -Devengo.

Concello de A Pobra do Caramiñal



Concello de A Pobra do Caramiñal

1.- No caso de acometida á rede xeral, devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír no momento no que se inicie a actividade municipal que constitúa o feito impositivo. A obriga de contribuír, logo de nacida, non se verá afectada de ningún xeito pola denegación da licenza solicitada ou pola súa concesión condicionada á modificación do proxecto presentado, nin pola renuncia ou desistencia do solicitante, logo de concedida a licenza. Entendéndose que se inicia a actividade municipal:

a) Na data de presentación da preceptiva solicitude da licenza de acometida, se o suxeito pasivo a formulase expresamente.

b) Cando se inicie efectivamente a actividade municipal constitutiva do feito impositivo, se o suxeito pasivo non formulase a solicitude expresamente. O inicio da obriga de pagamento da taxa por esta modalidade producirase con independencia de que se obtivera ou non a licenza de acometida e sen prexuízo da iniciación de expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.

2.- A taxa por abastecemento de auga devéngase o un de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cese no uso do servizo, caso no que se prorrateará por trimestres.

No caso de inicio do servizo en data diferente a un de xaneiro, as cotas calcularanse proporcionalmente ó número de trimestres naturais que restan para finaliza-lo ano, incluído o do comezo da prestación da actividade.

No caso de cese no servizo, as cotas serán prorrateables por trimestres, excluído aquel no que se produza dito cese. A tal fin, os suxeitos pasivos poderán solicita-la devolución da parte da cota correspondente ós trimestres naturais nos que non utilizara o servizo.

Se o inicio ou cese débese ó cambio do suxeito pasivo, a obriga tributaria do pago do trimestre corresponderá a quen o fora orixinariamente no trimestre de dito inicio ou cese.

Artigo 8.º .-Liquidación e recadación

1. As liquidacións polo subministro de auga potable serán aprobadas rematado cada trimestre natural polo órgano competente do Concello, unha vez confeccionados os correspondentes padróns polo concesionario do servizo, tendo en conta as lecturas de contadores do devandito período. O cobro dos recibos realizarase nas oficinas do Servizo ou ben mediante xestión bancaria.

Concello de A Pobra do Caramiñal



Concello de A Pobra do Caramiñal

2. A facturación dos consumos farase trimestralmente, non obstante os usuarios con consumos superiores a 100 m³ poderán solicitar a facturación mensual.

3. Dada a unidade de xestión e mantemento dos servizos de subministro de auga e rede de sumidoiros, poderase expedir un recibo único que incorpore a facturación trimestral das dúas taxas

Artigo 9º -Infraccións e sancións.

No tocante a cualificación das infraccións tributarias e as súas correspondentes sanción, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e demais normativa aplicable, e o disposto nos artigos correspondentes do Regulamento do Servizo Municipal de Auga Potable.

Disposición final.

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo pleno do Concello o día 18 de febreiro de 1999, e modificada por derradeira vez no pleno celebrado o día 28 de setembro de 2017. A entrada en vigor, así como a súa aplicación será o 1 de xaneiro de 2018, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

No caso de que a publicación da aprobación definitiva da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia fose posterior ao 1 de xaneiro de 2018, a entrada en vigor e aplicación coincidirá co seguinte trimestre natural posterior a data de publicación

ORDENANZA FISCAL Nº 20, REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE SUMIDOIROS

Artigo 1.º .-Fundamento e natureza.



Concello de A Pobra do Caramiñal

En uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, así como polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e seguintes do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este concello establece a taxa de sumidoiros e depuración, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal. As normas atenden ó establecido no artigo 57 do citado RDL 2/2004, de 5 de marzo.

Artigo 2.º .-Feito imponible.

1.- Constitúe o feito imponible da taxa:

a) A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autoriza-la acometida á rede municipal de sumidoiros.

b) A prestación dos servizos de evacuación de excrementos, augas pluviais, negras e residuais, a través da rede municipal de sumidoiros e colectores.

c) A realización, polo Servizo municipal de Saneamento, das análises e probas para comproba-las características das verteduras, ben sexa para a concesión do Permiso de vertedura ou por accións de inspección ou comprobación, nos termos previstos no Regulamento do Servizo de verteduras á rede de sumidoiros da Pobra do Caramiñal.

2.- Non estarán suxeitas á taxa as propiedades derruídas, declaradas ruinosas ou teñan a condición de terreo edificable.

Artigo 3.º .-Suxeitos pasivos.

1.- Son suxeitos pasivos, na condición de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as comunidades de bens, herdanzas, xacentes e demais entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria que ocupen ou utilicen as vivendas e locais nas que se preste o servizo, ben sexa a título de propietario, usufrutuario, arrendatario ou mesmo de precario, así como as que soliciten o permiso de vertedura ou sexan obxecto de actuacións de inspección e comprobación das características dos vertedura.

2.- Terá a consideración de substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir as cotas satisfeitas sobre os beneficiarios dos servizos

.



Concello de A Pobra do Caramiñal

Artigo 4.º .-Responsabilidade solidaria e subsidiaria

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os arts. 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria

Artigo 5.º .-Cota tributaria

1.- A cota tributaria será o resultado de aplicar a seguinte tarifa:

A		
Concesión da licenza ou autorización de acometida á rede de sumidoiros:		
Vivenda Unifamiliar	Taxa de acometida	134,13 €
Edificios multifamiliares	Taxa de acometida do inmovible	134,13 €
	Por cada vivenda	62,68 €
	Para a reposición do pavimento que poida deteriorarse como consecuencia das obras tarifadas, constituirase unha fianza con carácter xeral, ata 3 m.:	134,13 €
	Para a reposición do pavimento que poida deteriorarse como consecuencia das obras tarifadas, constituirase unha fianza, a partir de 3 m.:	41,40 €/metro engadido
B		
Pola prestación dos servizos de sumidoiros e depuración, determinarase en función da cantidade de auga, medida en m³, utilizada na propiedade:		
USO DOMÉSTICO	Mínimo: ata 10 m ³ /mes	0,443267 €/ m ³
	Mais de 10 m ³ /mes	0,443267€/ m ³
USO COMERCIAL	Mínimo: ata 10 m ³ /mes	0,443267€/ m ³
	Mais de 10 m ³ /mes	0,443267€/ m ³
USO INDUSTRIAL ESPECÍFICO	Mínimo: ata 10 m ³ /mes	0,562479€/ m ³
	Mais de 10 m ³ /mes	0,562479€/ m ³
USO INDUSTRIAL	Mínimo: ata 10 m ³ /mes	0,562479€/ m ³
	Mais de 10 m ³ /mes	0,562479€/ m ³
USO OBRAS	Mínimo: ata 10 m ³ /mes	0,562479€/ m ³

Concello de A Pobra do Caramiñal



Concello de A Pobra do Caramiñal

		0,562479€/ m ³
	Mais de 10 m ³ /mes	
C	Conservación de acometidas por aboado/ mes:	0,541 €
D	As tarifas que se esixirán con ocasión da práctica das análises establecidas no Regulamento municipal de vertidos, deberán axustarse ás seguintes contías:	
	PH	5,73 €
	Conductividade	5,73 €
	Sólidos en suspensión totais	17,37 €
	D.B.O. ₅	36,32 €
	D.Q.O.	29,18 €
	Fósforo total	16,06 €
	Nitróxeno amonacal	13,56 €
	Sulfuro	20,05 €
	Aceites e graxas	68,88 €
	Recollida e envío mostra laboratorio	97,32 €
	Por inspección e informe:	188,67 €

2.- En ningún caso poderá tomarse un consumo de auga que sexa inferior ó mínimo facturable polo seu subministro. A cota resultante da consideración deste consumo terá carácter de mínima esixible.

3.- En aqueles casos en que unha vivenda non se beneficie do servizo de abastecemento de auga, pero si do de sumidoiro e depuración, esixirase a cota que correspondería ó mínimo consumo de auga.

4.- As tarifas definidas non inclúen os Impostos Indirectos que en cada momento podan resultar de aplicación

Artigo 6.º .-Criterios xenéricos de capacidade económica.

1.- Aplicaráselles unha redución do 50 % da cota tributaria en concepto de taxa pola prestación dos servizos de sumidoiros e depuración, aos usos domésticos da vivenda habitual daqueles contribuíntes, persoas físicas, que teñan escaseza de recursos económicos, sempre que o soliciten no primeiro trimestre do exercicio impositivo no que pretendan que produza efectos e así o acredite un informe dos Servizos Sociais do Concello no que se fará constar que a suma dos Rendementos Íntegros do traballo, Rendementos Íntegros de actividades económicas e dos Rendementos Íntegros do capital, tanto mobiliario coma inmobiliario, tal e como se definen na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) (Lei 35/2006) do contribuínte non supera o Salario Mínimo Interprofesional en cómputo anual e previa solicitude individualizada en cada caso. Á vista da documentación presentada, o Alcalde - Presidente ditara



Concello de A Pobra do Caramiñal

Resolución concedendo ou denegando a redución solicitada. A redución concedida só producirá efectos para o período impositivo no que se insta a súa concesión e para o inmediato seguinte, debendo solicitarse a súa prórroga nos seguintes períodos impositivos, aportando de novo a documentación que acredite que se seguen a cumprir os requisitos para o seu goce. En calquera caso, a presentación da solicitude fora do prazo establecido, dará lugar á súa inadmisión e a conseguinte denegación da redución instada.

2.- Aplicaráselles unha bonificación do 50 % da cota tributaria en concepto de taxa pola prestación dos servizos de sumidoiros e depuración, aos usos domésticos da vivenda habitual daqueles suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa, que cumpra ademais os seguintes requisitos:

a.- Que a suma dos valores catastrais de tódolos bens inmoables sitos en territorio nacional, dos que sexan suxeitos pasivos no Imposto sobre Bens Inmoables, o titular da familia numerosa ou algún dos membros da unidade familiar, non exceda de 100.000,00 euros. Aos efectos desta bonificación, considéranse membros da unidade familiar tódalas persoas empadroadas na Vivenda para a que se solicita a bonificación.

b.- Que a renda dispoñible da unidade familiar, tendo en conta o número de membros desta, non exceda dos límites que figuran no cadro seguinte:

Número de membros da unidade familiar	Importe máximo de renda dispoñible
4	30.000,00 €
5	35.000,00 €
6	40.000,00 €
7	45.000,00 €
8 ou mais	50.000,00 €

3.- Considerase renda dispoñible aos efectos desta bonificación, á suma dos Rendementos Íntegros do traballo, Rendementos Íntegros de actividades económicas e dos Rendementos Íntegros do capital, tanto mobiliario coma inmobiliario, tal e como se definen na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) (Lei 35/2006) dos membros da unidade familiar que obteñan rendas suxeitas ao IRPF.

Concello de A Pobra do Caramiñal



Concello de A Pobra do Caramiñal

4.- Os suxeitos pasivos que cumpran os requisitos previstos no apartado anterior, e pretendan gozar da bonificación, deberán presenta-la correspondente solicitude no primeiro trimestre do exercicio impositivo no que pretendan que produza efectos. Xuntamente coa solicitude deberá aportarse a seguinte documentación:

a.- Copia compulsada do título de familia numerosa expedido polo órgano competente.

b.- Certificado de empadramento do titular da familia numerosa, referido á situación existente a 31 de decembro do ano inmediato anterior, no que consten os membros da unidade familiar que conviven no inmovible para o que se solicita a bonificación.

c.- Fotocopia compulsada das derradeiras declaracións do IRPF presentadas polo titular da familia numerosa e, no seu caso, por cada un dos membros da unidade familiar que obteñan rendas suxeitas ao referido imposto. No caso de non estar obrigados a presentar declaración de renda, aportaran certificado no que conste que non se ten presentado esta e certificados de imputación de rendas da Axencia Tributaria, e nóminas, certificados de retencións ou calquera outro documento que sirva para a determinación da renda dispoñible.

d.- Certificado de Bens Inmóveis Por Titular emitido pola Xerencia Rexional do Catastro dos que sexan suxeitos pasivos no Imposto sobre Bens Inmóveis tódolos membros da unidade familiar, á que se refiren os puntos 2 e 3 deste artigo, no que conste unha relación de tódolos bens inmóveis cos seus valores catastrais por NIF.

5.- Á vista da documentación presentada, o Alcalde - Presidente ditara Resolución concedendo ou denegando a bonificación solicitada. A bonificación concedida so producirá efectos para o período impositivo no que se insta a súa concesión e para o inmediato seguinte, debendo solicitarse a súa prórroga nos seguintes períodos impositivos, aportando de novo a documentación que acredite que se seguen a cumprir os requisitos para o seu goce. En calquera caso, a presentación da solicitude fora do prazo establecido no apartado 4 anterior, dará lugar á súa inadmisión e a conseguinte denegación da bonificación instada

Artigo 7º -Devengo.

1.- No caso de acometida á rede xeral, devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír no momento no que se inicie a actividade



Concello de A Pobra do Caramiñal

municipal que constituía o feito impoñible. A obriga de contribuír, logo de nacida, non se verá afectada de ningún xeito pola denegación da licenza solicitada ou pola súa concesión condicionada á modificación do proxecto presentado, nin pola renuncia ou desistencia do solicitante, logo de concedida a licenza. Entendéndose que se inicia a actividade municipal: a) Na data de presentación da preceptiva solicitud da licenza de acometida, se o suxeito pasivo a formulase expresamente.

b) Cando se inicie efectivamente a actividade municipal constitutiva do feito impoñible, se o suxeito pasivo non formulase a solicitud expresamente. O inicio da obriga de pagamento da taxa por esta modalidade producirase con independencia de que se obtivera ou non a licenza de acometida e sen prexuízo da iniciación de expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.

2.- A taxa polo servizo de sumidoiro e depuración devégase o un de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cese no uso do servizo, caso no que se prorrateará por trimestres.

No caso de inicio do servizo en data diferente a un de xaneiro, as cotas calcularanse proporcionalmente ó número de trimestres naturais que restan para finaliza-lo ano, incluído o do comezo da prestación da actividade.

No caso de cese no servizo, as cotas serán prorrateables por trimestres, excluído aquel no que se produza dito cese. A tal fin, os suxeitos pasivos poderán solicita-la devolución da parte da cota correspondente ós trimestres naturais nos que non utilizara o servizo.

Se o inicio ou cese débese ó cambio do suxeito pasivo, a obriga tributaria do pago do trimestre corresponderá a quen a fora orixinariamente no trimestre de dito inicio ou cese.

3.- Os servizos de evacuación de excrementos, augas pluviais, negras e residuais, e da súa depuración, teñen carácter obrigatorio para tódalas propiedades do municipio que teñan fachada cara a rúa, prazas ou vías públicas nas que existan sumidoiros, sempre que a distancia entre a rede e a propiedade non exceda de cen metros, e terá obriga de pagamento a Taxa aínda cando os interesados non procedan a efectuar a acometida á rede.

4.- As tarifas esixibles con ocasión da realización das análises e

Concello de A Pobra do Caramiñal



Concello de A Pobra do Caramiñal

emisión de informes, así como das actuacións de comprobación e inspección ás que se refire o Regulamento municipal de verteduras, devengarase no momento de solicita-la correspondente licencia de verteduras ou no momento de inicia-las actuacións de comprobación e inspección.

Estas tarifas serán aboadas directamente á empresa concesionaria do servizo, podendo esta esixir o depósito previo dos correspondentes importes. En todo caso, con carácter trimestral, e dentro dos trinta días posteriores ó remate de cada trimestre natural, a empresa concesionaria do servizo deberá remitir ó Concello da Pobra do Caramiñal relación das contías esixidas como consecuencia das referidas actuacións.

Artigo 8.º .-Liquidación e recadación

1.- Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de alta e baixa no censo de suxeitos pasivos da taxa, no prazo que media entre a data na que se produza a variación na titularidade da propiedade e o derradeiro día do mes natural seguinte. Estas últimas declaracións producirán efecto a partir da primeira liquidación que se practique logo de rematado o prazo de presentación das devanditas declaracións de alta e baixa.

A inclusión inicial no censo farase de oficio logo de concedida a licencia de acometida á rede.

2.- As cotas esixibles por esta taxa liquidaranse e recadaranse durante os mesmos períodos e nos mesmos prazos que os recibos de subministro e consumo de auga.

3.-No suposto de licencia de acometida, o contribuínte formulará a oportuna solicitude momento no que ingresará o importe da taxa.

Artigo 9º -Infraccións e sancións.

No tocante a cualificación das infraccións tributarias e as súas correspondentes sancións, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributarias e demais normativa aplicable, e o disposto nos artigos correspondentes do Regulamento do Servizo Municipal de Auga Potable

.

Disposición final.

Concello de A Pobra do Caramiñal



Concello de A Pobra do Caramiñal

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo pleno do Concello o día 04 de decembro de 1989, e modificada por derradeira vez no pleno celebrado o día 28 de setembro de 2017. A entrada en vigor, así como a súa aplicación será o 1 de xaneiro de 2018, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

No caso de que a publicación da aprobación definitiva da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia fose posterior ao 1 de xaneiro de 2018, a entrada en vigor e aplicación coincidirá co seguinte trimestre natural posterior a data de publicación